

**MELLORA DA ACCESIBILIDADE E CONECTIVIDADE DAS
PARADAS DE AUTOBÚS SITUADAS NA RAEG NAS RUTAS DE
ACCESO POLO OESTE Á CIDADE DE PONTEVEDRA**

CLAVE: PO/22/060.06

1. Obxecto da Actuación

O obxecto do presente proxecto é definir, xustificar e valorar as obras necesarias para a mellora da accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede Autonómica de Estradas de Galicia nas rutas de acceso polo oeste a cidade de Pontevedra. Concretamente de 37 paradas situadas sobre as estradas, PO-303 no P.Q. 8+320, PO-308 entre os P.Q. 13+110 e 27+330, PO-312 no P.Q. 0+130, PO-316 no P.Q. 1+620, PO-317 entre os P.Q. 1+210 e 5+080, PO-531 entre os P.Q. 11+700 e 15+800 e PO-550 entre os P.K. 3+530 e 13+810, todas elas pertencentes a RAEGA.

As actuacións atópanse enmarcadas nos seguintes municipios: Sanxenxo, Cambados, Meis, O Grove e Meaño.

Con estas melloras preténdese incrementar a captación de usuarios das zonas rurais afastadas dos grandes núcleos, no uso do transporte público, o que fomentará a diminución do uso dos movementos de corto e medio recorrido en transporte privado, con orixe e/ou destino nas cidades de maior poboación; e redundará nunha diminución das emisións de partículas nocivas de xeito gradual.

2. Plan de Estradas

A estrada autonómica PO-303 encádrase na Rede Local da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica PO-308 encádrase na Rede Local da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica PO-312 encádrase na Rede Local da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica PO-316 encádrase na Rede Local da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica PO-317 encádrase na Rede Local da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica PO-531 encádrase na Rede Estructurante da Xunta de Galicia.

A estrada autonómica PO-550 encádrase na Rede Local da Xunta de Galicia.

3. Descrición da Actuación

As actuacións que se propoñen son:

- Melloras do equipamento da parada: refuxios coa tipoloxía definida pola Dirección Xeral de Mobilidade, postes, bancos e apoio isquiático.
- Mellora da accesibilidade para persoas con mobilidade reducida: ramplas de acceso, información en braille u outros, pavimento con tacto visual, etc.
- Melloras na información e sinalización: plano de situación e recorridos, sinal indicativa de paradas, etc.
- Mellora da accesibilidade ao transporte público: conexión das paradas cos itinerarios peonís existentes.
- Seguridade (con perspectiva de xénero): eliminación de vexetación, mellora da visibilidade, mellora da iluminación, ampliación do espazo en torno ás paradas, sinalización de limitación de velocidade y/ou de precaución por presenza de peatón
- Ampliación das zonas de apartadero e cuña de deceleración e aceleración das paradas de autobús
- Nas zonas de cebreado se instalan balizas, sempre que se considera necesario, para evitar delimitar mellor a parada e evitar o estacionamento.

De forma xeral as paradas de autobús deseñáronse cun apartadoiro con características e dimensións adecuadas para facilitar as manobras do autobús tanto de acercamento como de saída da parada.

Os carrís dos apartadoiros proxectáronse en xeral cunha anchura de 3 metros, sendo de anchura inferior naqueles casos nos que a ampliación da calzada implicaría unha afección importante ás parcelas ou edificacións adxacentes. En determinados casos (entornas moi urbanas, estradas de baixa IMD) planease a zona de detención dos autobuses na calzada. En tódolos casos os bordes dos itinerarios peonís retranquéanse ao menos 35 cm con respecto ás marcas viais.

As actuacións engloban unha ou varias das seguintes actividades:

- Fresado do pavimentos
- Demolición

- Pavimentación
- Formigonado
- Movemento de terras (escavación e recheos)
- Muros de contención
- Peches de parcelas
- Drenaxe
- Desbroce e tala
- Cimentación
- Sinalización horizontal e vertical

O presente proxecto recolle as obras necesarias para a mellora da accesibilidade e conectividade de varias paradas de autobús situadas nas seguintes estradas:

- PO-303, no puntos quilométricos 8+320
- PO-308 entre os puntos quilométricos 13+110 – 27+330.
- PO-312, no punto quilométrico 0+130
- PO-316, no punto quilométrico 1+160.
- PO-317, entre os puntos quilométrico 1+210 e 5+080
- PO-531, entre os puntos quilométricos 11+700 – 15+800.
- PO-550, entre os puntos quilométricos 3+530 – 13+810.

4. Características técnicas

Dimensións mínimas das paradas:

Se aplicará na medida do posible a "Guía para o deseño de paradas de autobús na Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEG)" de maio de 2022.

Nalgúns casos non foi posible respectar estas dimensións, e algunhas das solucións que se adoptaron foron:

- Reducir cuñas de entrada e/ou de saída (preferiblemente a de saída, como indica a Guía)
- Reducir o ancho do carril de parada dos 3,00 m a 2,50m ou ás bermas existentes para estacionamento.
- Establecer a parada no propio carril de circulación (excepcionalmente)

Itinerarios peonís:

Se proxectarán con ancho mínimo de espazo libre de obstáculos de 1,8 m segundo indica a normativa vixente de accesibilidade, como norma xeral, se intentará deseñar con ancho superior para poder colocar a marquesina e así non invada o itinerario. A conexión entre a parada e o itinerario peonil será completamente accesible.

Estruturas:

En catro paradas foi necesario proxectar muros de altura variable de 0,5 a 2 m., para poder executar a plataforma da marquesina ou para retranquear un muro xerando mais espazo.

Refuxios:

Con carácter xeral colocaranse refuxios de tipo rural, coas características definidas pola Dirección Xeral de Mobilidade, e só se colocarán refuxios de tipo urbano nos núcleos urbanos consolidados.

5. Poboación Servida

Sanxenxo:	17.624 hab.
Cambados:	13.629 hab
Meis:	4.800 hab
O Grove:	10.739 hab
Meaño:	5.324 hab
TOTAL:	52.116 hab.

6. Concellos Afectados

Sanxenxo, Cambados, Meis, O Grove e Meaño.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 18 en pleno dominio. A superficie de expropiación definitiva é de 598 m²

Expropiacións e bens afectados: 7.922,64 €

Premio afección 5%: 396,13 €

Total expropiacións e indemnizacións: 8.318,78 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de CATRO (4) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE): 668.809,22€.-

Expropiacións e indemnizacións: 8.318,78 €.-

Control y asistencia técnica: 18.579,32 €.

Servizos afectados privados: 39.340,37 €.-

Control arqueolóxico: 9.289,66 €.-

Orzamento para coñecemento da administración: 744.337,35€.-

Plano de situación:



Planta de actuacións (ejemplos de paradas)



